

DECÁLOGO DO PROFESIONAL DE APACAF

1. O profesional de APACAF debe ser unha persoa que **lle guste** o traballo con persoas cunha discapacidade psíquica, especificamente **autismo** e debe comprometerse co respecto e o trato digno a estas persoas.
2. O profesional de APACAF debe comprometerse coa calidade no servizo ás persoas con autismo e debe encontrar unha maneira de estar, facer e vivir no centro de maneira serena e pracenteira, implicando ós rapaces tamén dunha maneira **serena e pracenteira**.
3. O profesional de APACAF respectará a **confidencialidade**. Este requirimento elévase a rango de obriga pola Lei Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal.
4. O profesional de APACAF debe ter un espírito **colaborador cos demais compañeiros** de traballo, superando a estrita división do traballo que a cada quen lle corresponde, si se dera o caso de ter que botar unha man, mellorar aspectos do centro, etc.
5. O Profesional de APACAF debe caracterizarse dunha **gran profesionalidade**, ser un exquisito cumplidor do seu traballo, calendario e condicións que permitan o idóneo desenvolvemento do seu proxecto.
6. O comportamento absolutamente **ético** cos usuarios e compañeiros de traballo é condición imprescindible para este traballo.
7. O profesional de APACAF debe **comprométese seriamente co proxecto** despregando a súa mellor profesionalidade, vontade e iniciativa a tal fin.
8. O profesional de APACAF debe comprometerse coa súa **formación**; o estudio, a reflexión, a autocrítica son ingredientes imprescindibles.
9. O profesional de APACAF debe amosar sempre a mellor disposición a **fomentar o dereito a unha vida independente**, a través da educación, rehabilitación e integración social do colectivo de persoas con Trastorno do Espectro Autista en todos aqueles ámbitos nos que fose requerida a súa colaboración, tales como congresos, cursos, charlas.
10. O profesional de APACAF debe ser unha persoa **amante do campo** e da natureza, da vida nunha comunidade pequena, de disfrutar do traballo na finca e na casa, do cuidado dos animais, etc., porque este é o marco no que se inscriben os centros A Braña e A Penagrande.

